

# **CONCELLO PLENO**

## **ACTA DE SESIÓN**

**ORGANO:** CONCELLO PLENO  
**ACTA NUMERO:** 2014/08  
**CARÁCTER:**EXTRAORDINARIA  
URXENTE  
**CONVOCATORIA:** Primeira.  
**DATA:** 11 de xuño de 2014.

---

No Salón de Sesi3ns da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e cinco minutos do d3a **11 de xuño de 2014** re3nese o Pleno do Concello en sesi3n convocada ao efecto con car3cter EXTRAORDINARIO URXENTE baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Su3rez Barcia e coa asistencia das persoas que 3 marxe se indican:

**Presidente:**

D.Fernando Su3rez Barcia (Alcalde-BNG)

**Concelleiros presentes na sesi3n:**

**Polo Grupo do B.N.G.**

Dona Mari Luz Alvarez Lastra  
D<sup>a</sup> Ana Mar3a Mart3nez Fern3ndez.  
D. Horacio Cupeiro Rodr3guez  
D<sup>a</sup> Maria Teresa Gonz3lez Piñeiroa.  
D. Vicente Castro Reigosa

**Polo Grupo do P.P.**

D.Manuel Val3n Vald3s.  
D<sup>a</sup> Azucena Gonz3lez Loredo.  
D<sup>a</sup> Maria del Campo L3pez-Braña Freije  
D. Jos3 Manuel Yañez Dablanca.

**Polo Grupo de U.P.R.I.**

D.Agust3n Reymondez Gancedo.

**Polo Grupo do PSG-PSOE**

D.Eduardo Guti3rrez Fern3ndez.

**Concelleiros ausentes na sesi3n:**

D.Xavier Campos L3pez (BNG)

**Secretario Xeral:**

D. Jos3 A.Carro Asorey

**Interventor:**

D. Luis V3zquez Parga

**Tecnico de Adm3n.Xeral.**

D.Jos3 Rodil Veiga

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

**2014.01.28.- PRONUNCIAMENTO DO PLENO SOBRE A URXENCIA DA SESIÓN QUE VEN DADA POLA NECESIDADE DE EFECTUAR A A MODIFICACIÓN DAS CONDICIÓN FINANCEIRAS DO PRÉSTAMO DE PAGO A PROVEEDORES.**

O Sr.Alcalde explica os pormenores da urxencia da sesión polo prazo outorgado sinalándose que no día de onte, cando xa estaba convocado o Pleno foi ampliado pero que é procedente adoptar o acordo canto antes.

A Corporación, de conformidade co disposto no artigo 79 do Real Decreto 2568/1986 aprobatorio do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e aos efectos do pronunciamento do Pleno sobre a urxencia da sesión, por unanimidade dos membros presentes, en votación ordinaria, acorda a apreciación da urxencia e a subseguinte celebración da sesión.

**2014.02.29.-EXPEDIENTE PARA MODIFICACIÓN DE DETERMINADAS CONDICIÓN FINANCEIRAS DA OPERACIÓN DE ENDEBEDAMENTO SUBSCRITAS CON CARGO AO MECANISMO DE PAGO A PROVEEDORES.**

Dase conta da Proposta da Alcaldía-Presidencia sobre este asunto, que se transcribe:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**CONSIDERANDO** a posibilidade de acollerse a algunha das novas condicións financeiras propostas para as entidades locais que formalizaron unha operación de endebedamento na primeira fase do mecanismo de financiamento para o pago a provedores, en aplicación da Resolución de 13 de maio de 2014, da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local, pola que se dá cumprimento ao Acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, de 24 de abril de 2014.

**CONSIDERANDO** que a **“Opción 3: Redución máxima do tipo de xuro”** nuns 140 puntos básicos, á cal se descontará o posible custo da intermediación bancaria por cambio de operativa e contratos, mantendo os actuais períodos de amortización e de carencia, é a que máis se axeita ás necesidades do Concello.

**VISTOS** o informe de intervención de data 09/06/2014, e o informe dos servizos técnicos municipais de avaliación relativo á lista de licenzas ou autorizacións de inicio de actividades económicas que xa se substituíron por declaracións responsables ou se substituirán, de data 09/06/2014.

**VISTA** a copia de ter subscrito o acto de adhesión á plataforma Emprende en 3 que se contén no expediente.

**CONSIDERANDO** a seguinte normativa aplicable ao caso:

- Resolución de 13 de maio de 2014, da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local, pola que se dá cumprimento ao Acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, de 24 de abril de 2014, para a modificación de determinadas condicións financeiras das operacións de

endebemento subscritas con cargo ao mecanismo de financiamento para o pago aos provedores das entidades locais.

- Real Decreto-lei 4/2012, de 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pago aos provedores das entidades locais
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local

En consideración ao exposto, esta Alcaldía eleva á consideración do Concello Pleno a seguinte proposta:

**Primeiro.-** Aprobar acollerse ás novas condicións financeiras das operacións de endebemento formalizadas na primeira fase do mecanismo de financiamento para o pago a provedores, e en concreto á seguinte: OPCIÓN 3: *“Redución máxima do tipo de xuro nuns 140 puntos básicos, á cal se descontará o posible custo da intermediación bancaria por cambio de operativa e contratos, mantendo os actuais períodos de amortización e de carencia”*

**Segundo.-** Que o Interventor proceda a comunicar de xeito telemático a través da OVEL a intención do Pleno de acollerse ás medidas, e achegue o PDF de devandito acordo

**Terceiro.-** Acordar a aceptación das seguintes Condicións Xerais:

- Adhesión automática ao Punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración Xeral do Estado de acordo co previsto na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.
- Adhesión automática á plataforma Emprende en 3 prevista no Acordo do Consello de Ministros para impulsar e axilizar os trámites para o inicio da actividade empresarial de 24 de maio de 2013.
- Proceder á substitución inmediata de, polo menos, un 30% das vixentes autorizacións e licenzas de inicio de actividade económica por declaracións responsables, de acordo co previsto na Lei 20/2013, de 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, e elaborar un informe de avaliación das normas da entidade local que deben modificarse por resultar incompatibles coa Lei 20/2013, de 9 de decembro, de acordo coas directrices fixadas polo Consello para a unidade de mercado.

**Cuarto.-** Confirmar o Plan de Axuste vixente, aprobado polo Pleno da Corporación con data 28/03/2012

**Quinto.-** Remitir de xeito telemático a través da OVEL a aceptación das condicións xerais e o compromiso de adoptar as seguintes medidas:

- Remisión de copia de subscribir o acto de adhesión á plataforma Emprende en 3.
- Remisión da lista das licenzas ou autorizacións de inicio de actividade económica que se substituirán por declaracións responsables, ou informe de avaliación, na que se acredite que se cumpre coa condicionalidade, co detalle da lista de licenzas ou autorizacións de inicio de actividades económicas que xa se substituíron por declaracións responsables ou se substituirán.
- Remisión do compromiso de adhesión automática ao punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración Xeral do Estado desde o día seguinte ao da aprobación da Orde do Ministro de Facenda e Administracións pola que se regulan as condicións técnicas e funcionais que debe reunir o punto xeral de entrada de facturas electrónicas
- Remisión telemática da confirmación do plan de axuste vixente.”

O Sr.Alcalde explica as condicións e posibilidades para esta acción, que se recollen na proposta.

O Sr.Interventor aclara algunos aspectos do asunto.

Por parte dos diferentes voceiros dos Grupos municipais da Corporación expóñense as diferentes posturas.

Rematada a deliberación, a Corporación por unanimidade dos seus membros presentes, en votación ordinaria, acorda prestar aprobación á proposta de referencia nos propios termos da mesma.

E sen mais asuntos que tratar, non sendo outro o obxecto da sesión, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a mesma sendo as vinte horas e quince minutos, estendéndose a presente acta, do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL,